

PROVIDENCIA ALCALDÍA

Na actualidade algúns camiños municipais soportan unha alta taxa de tráfico de vehículos agrícolas, motivo polo cal, xunto as adversas condicións metereolóxicas acaecidas nos invernos pasados, presentan un estado de conservación moi deteriorado con fochas e unha alta fisurización que afecta a impermeabilidade dos mesmos, permitindo a entrada de auga nas explanadas o que desencadea un colapso estrutural importante e como consecuencia delo reduce de xeito notorio a seguridade viaria e a normal circulación dos vehículos que transitan por estas. Por este motivo, foi solicitada a redacción dun proxecto ao Arquitecto Técnico Municipal, D. Daniel Orrea Corral, para a contratación e posterior realización das obras necesarias para o arranxo dos seguintes camiños municipais:

- 1 - TABELIROS - (A Consolación - Piñoi)
- 2 - TABELIROS - (EP 7001 - As Quintas)
- 3 - NIGOI - (A Carballeira - Constenla)
- 4 - CALLOBRE - (N 640 - Nogueira)

As obras Sobre cada un dos camiños proxéctanse as actuacións de limpeza de foxos, barrido de firme por medios mecánicos de firmes existentes e instalación de novas capas de rodadura.

As obras descritas no dito Proxecto, denominado “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018 ” está incluída dentro do PLAN DE MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019, cofinanciado con fondos propios da Consellería de Medio Rural a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

O 09 de abril de 2018, mediante Resolución, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural outorgou ao Concello da Estrada unha subvención por 123.812,33 euros.

A esta cantidade o Concello deberá de sumar o importe do IVE: 26.000,59 euros, o que da un importe IVE incluído de 149.812,92 euros.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais, xa que o concello non dispón de equipos cos que realizar as actuacións proxectadas.

O procedemento para a contratación da obra será o procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola axilidade do procedemento ,debido á necesidade de xustificar a primería anualidade da subvención concedida antes do 15 de novembro de 2018. Asimesmo e tendo en conta o valor do contrato, inferior a 2.000.000,00 euros, procede a aplicación das especialidades recollidas no artigo 159, LCSP.

De conformidade co informe emitido pola autor do proxecto D. Daniel Orrea Corral, de data 24/08/2018 non procede a división en lotes porque "... dificultaría, dende un punto de vista técnico, a correcta execución do mesmo, ó tempo que suporía un risco para a mesma ó implicar a necesidade de coordinar as diferentes prestacións caracterizadas, no caso que nos ocupa, por unha dependencia de prelación e organización global".

En consecuencia con todo o anterior, e de conformidade co establecido na LCSP, dispoño:

Primeiro.- Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras de "“PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018”".

Segundo: Formar o oportuno expediente de contratación unindo ao proxecto técnico e ao Prego de Prescricións Técnicas, a seguinte documentación:

- Certificado de existencia de crédito.
- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Informe xurídico dos Pregos.
- Informe de fiscalización de Intervención.

-Formado o expediente, deberá someterse á aprobación do órgano competente.

Terceiro.- Publicar a presente providencia no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público LCSP 2017.

Documento asinado dixitalmente á marxe